

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación das contas xustificativas das axudas do PEL-Reactiva recorridas e estimadas

Expte.: 2020/A002/000007

A Deputación Provincial da Coruña mediante Resolución de Presidencia n.º 2020 / 23462 aprobou as bases reguladoras das axudas PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Este fondo, impulsado desde o Plan de Emprego Local (PEL), ten como principal obxectivo dotar os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia dos recursos necesarios para mitigar os efectos negativos que a pandemia ocasionou no seu tecido empresarial local.

Procúrase acadar unha pronta recuperación económica, establecendo unha convocatoria de axudas adaptadas ás súas realidades territoriais concretas e dirixidas ás persoas profesionais autónomas e microempresas, sustento da economía local, para contribuír así á súa pronta recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico da nova era post COVID-19.

As normas que rexeron o proceso están publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 123 do mércores, 5 de agosto de 2020.

O PEL REACTIVA para o Concello de Rianxo asigna para esta solicitude un total de 161.791,86 € desagregados da seguinte maneira:

Deputación Provincial 80%	Concello de Rianxo 20%	Total
129.433,49 €	32.358,37 €	161.791,86 €

O día 02/10/2020 asinei a Resolución da Alcaldía núm. 612/2020 polo que se aprobaba a solicitude de adhesión do concello ao PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

O día 02/11/2020 asinei a Resolución da Alcaldía núm. 683/2020 pola que aprobaba as bases reguladoras das axudas do Concello de Rianxo para a reactivación económica e social da provincial (PEL-Reactiva), e a súa convocatoria, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

O día 26/02/2021 ditei a Resolución da Alcaldía núm. 164/2021 pola que se aproba a concesión das axudas ás persoas e entidades solicitantes, segundo os criterios das bases reguladoras. A resolución de concesión se lles notificou debidamente ás persoas/entidades solicitantes. Ante esta resolución, presentáronse varios recursos de reposición no caso de axudas denegadas. Catro deses recursos estimáronse, concedéndose a axuda correspondente:

Expte. Solicitud	NIF/CIF	Expte. Recurso	Resolución estimatoria	Axuda concedida
2020/A003/000115	33****26Z	2021/Q002/000008	R.A. 590/2021, do 8 de xullo	1.500
2020/A003/000143	35****21G	2021/Q002/000003	R.A. 588/2021, do 8 de xullo	1.500
2020/A003/000147	52****15X	2021/Q002/000005	R.A. 589/2021, do 8 de xullo	1.500
2020/A003/000176	33****76V	2021/Q002/000006	R.A. 592/2021, do 9 de xullo	1.500
Total				6.000

As contas xustificativas presentadas examináronse de acordo cos requisitos establecidos nas bases reguladoras das axudas.

Por outra parte, a Intervención Municipal emitiu un informe relativo ao procedemento e á cada unha das solicitudes cos importes admitidos como xustificación, que son os propostos a continuación.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar as contas xustificativas dos seguintes expedientes, conforme aos importes indicados. O recoñecemento das obrigas correspondentes imputarase á aplicación orzamentaria 241.47900 e proxecto de gasto 2020/3/42/1/1.

Expte. Solicitud	NIF/CIF	Axuda concedida	Subvención xustificada
2020/A003/000115	33****26Z	1.500	1.500
2020/A003/000143	35****21G	1.500	1.500
2020/A003/000147	52****15X	1.500	1.500
2020/A003/000176	33****76V	1.500	1.500
Total		6.000	6.000

SEGUNDO

A presente resolución deberá notificárselle ás persoas interesadas segundo o establecido o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e publicarase na páxina web do concello *concelloderianxo.gal*.

TERCEIRO

Darlles traslado deste acordo á Tesourería e á Intervención Municipais para que continúen coa tramitación dos expedientes ata o seu pago material.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Inés Montero Ares, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16



de marzo).